

1º ESO

EXERCICIOS RESOLTOS-5ª SEMANA DO 20 AO 23 DE ABRIL

1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vossos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN:

TEMA 9: Contos para nenos que dormen deseguida. (páx.154).

Exercicios resoltos

1.- Liga cada un dos seguintes termos co significado que presentan no texto.

Ceibar: lanzar un obxecto contra alguén ou algo.

Decatarse: tomar consciencia de algo.

Fortuna: conxunto de bens e riquezas. Gran cantidade de diñeiro.

Sedela: fío moi resistente, xeralmente de nailon, que se utiliza para pescar.

Foso: escavación longa e profunda que rodea unha fortaleza.

Liteira: cada unha das camas que se colocan unha enriba da outra.

2.- Suxire un título alternativo para cada un dos relatos e explica a túa proposta.

Resposta aberta. Trátase de fomentar entre o alumnado a creatividade e a iniciativa persoal. Pero suxerimos algún título:

“O pozo dos desexos” , título alternativo “ Coidado co que desexas” porque o protagonista da historia cumpriu o seu desexo, pero creoulle moitos problemas.

“Pesca no lago”, título alternativo “ Nada é o que parece” porque neste conto as aparencias enganan.

“O príncipe e a princesa”, título alternativo “Conto ao revés” porque nesta historia aos protagonistas pásalles ao revés que non contos tradicionais.

“O monstro”, título alternativo “ O espello” porque o protagonista necesitaba un espello para ser consciente do seu aspecto.

3.- Cal é a mensaxe que encerra o conto “O pozo dos desexos”?

A cobiza acaba por levarnos á perdición. O protagonista do conto desexaba ser rico e pediullo a un pozo que a xente consideraba máxico. Caeu dentro do pozo e conseguiu todas as moedas que puidese desexar, mais non puido saír de alí.

4.- Resume o contido de “ O monstro” atendendo á estruturación en introdución, nó e desenlace.

Na introdución do conto aparece Marcelo gritando para que súa nai veña axudalo porque viu un monstro debaixo da súa cama (liñas 26-27); no nó a nai de Marcelo preséntase no cuarto (liñas 28-29) e no desenlace esta explica que é natural que haxa

un monstro debaixo da súa cama, pois todos os membros da familia son monstros (liñas 30-35).

5.- Explica o sentido da narración “Pesca no lago”. Que personaxes interveñen nela?

No conto aparecen dous personaxes, o pescador e o peixe bota. O relato xoga coa posibilidade de que a bota capturada polo pescador sexa, en realidade, un peixe cunha excelente camuflaxe.

3ª SESIÓN

6.- Escolle a opción correcta para completar estes enunciados.

- O personaxe de “O pozo dos desexos” desexaba ser rico, mais caeu ao pozo por accidente.
- O pescador de “Pesca no lago” pescou un peixe mais acabou por ceibalo.
- O príncipe e a princesa da terceira historia foron felices aínda que se converteron en ras.
- No conto “O monstro” Marcelo asústase do seu propio irmán.

7.- Analiza a voz narrativa nos catro contos. É sempre a mesma? Podes enumerar as súas características?

Nos catro contos utilízase a voz narrativa externa, que sabe todo o que lles acontece aos personaxes.

8.- Cal é o espazo en que se desenvolve cada historia? Teñen os diferentes espazos relevancia para as tramas?

“O pozo dos desexos”: desenvólvese no propio pozo dos desexos, tanto no seu exterior como no interior. Ten relevancia para a trama porque é o que xustifica o comportamento do personaxe e acaba sendo tamén o que provoque o seu final.

“Pesca no lago”: a acción transcorre dentro dunha barca de pesca nun lago. O espazo non resulta particularmente relevante para a trama.

“O príncipe e a princesa”: este relato presenta dous espazos diferentes; en primeiro lugar a torre máis alta do castelo, onde viven o príncipe e a princesa como humanos; e, en segundo, a poza á cal se trasladan cando se transforman en ras. O espazo non resulta particularmente relevante para a trama.

“O monstro”: a acción ten lugar no interior do cuarto de Marcelo. O espazo non resulta particularmente relevante para a trama.

4ª SESIÓN

10.- Escolle un dos catro contos e continúa, explicando que podería ter acontecido despois.

Esperemos que a vosa creatividade vos permitise elaborar un texto literario partindo, neste caso, dunha historia determinada. Estamos desexando ler as vosas creacións!